

BASES DO SORTEO DE PREMIOS DA CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE O USO CORRECTO DO COLECTOR DE ENVASES DE PLÁSTICO, LATAS E BRIKS

Entre as obrigas da Concellaría de Medio Ambiente está a de favorecer a formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno e a de sentar as bases para o desenvolvemento sostíbel. Esta función desenvólvese mediante políticas prácticas, pero tamén por medio de campañas formativas e de difusión encamiñadas á sensibilización da poboación en xeral. A preocupación polo medio e as súa problemática debe reflectirse na actividade cotiá e no noso comportamento e actitude todos os días. É con esta convicción que o Concello de Santiago de Compostela convoca o sorteo de premios da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envases de plástico, latas e briks.

O Concello de Santiago de Compostela realiza unha campaña informativa reforzada cun sorteo de premios, dirixida aos cidadáns do Concello co obxectivo de mellorar o uso do colector amarelo.

O sorteo efectuarase escollendo ao azar bolsas do colector amarelo que indiquen no exterior o nome, enderezo e teléfono do cidadán que as depositou. Outro dos criterios para a asignación dos premios é a correcta utilización dos colectores destinados á recollida de envases de plástico, latas e briks.

BASES

1.-Participarán no sorteo dos premios as persoas que escriban o seu nome, enderezo e teléfono no exterior da bolsa de envases de plástico, latas e briks, e que a depositen no colector desde o [1 de marzo ao 15 de marzo 2007](#).

2.- Os premios serán bonos de fin de semana para dúas persoas nunha casa de turismo rural en Galicia.

3.- O bono de fin de semana para dúas persoas nunha casa de turismo rural en Galicia inclúe dúas noites de aloxamento nun cuarto duplo, o almorzo e os impostos. Poderá ser utilizado entre o [01 de maio e o 31 de outubro de 2007](#).

4.- O sorteo efectuarase do seguinte xeito:

- a) Identificaranse numericamente os colectores de recollida selectiva de envases.
- b) Procederase ao sorteo dos colectores que se van revisar cada día (un mínimo de tres) e da orde en que se vai realizar esta revisión. O sorteo realizarase ante o Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello, que dará fe.
- c) A inspección dos colectores sorteados realizarase entre o luns e o venres, cando menos tres días á semana, exceptuando festivos.
- d) Inspeccionaranse as bolsas contidas nos colectores que teñan indicado nome, enderezo e teléfono no exterior.
- e) No proceso de inspección e avaliación do colector sorteado intervirán como mínimo un operario da empresa de limpeza e persoal do concello.
- f) As catro primeiras bolsas inspeccionadas o primeiro día despois da fin de semana e as tres primeiras o resto dos días, que no seu interior conteñan unicamente envases de plástico, latas e briks serán as premiadas.
- g) Enviarase unha notificación aos premiados ao enderezo indicado no exterior da bolsa.
- h) O [número total de premios é de 15](#).

5.- As persoas que escriban o seu nome, enderezo e teléfono no exterior da bolsa de envases de plástico, latas e briks manifestan coñecer e aceptar na súa totalidade as condicións desta promoción.

6.- Os datos recollidos serán utilizados exclusivamente polo Concello de Santiago de Compostela para a comunicación dos premios aos gañadores e en ningún caso serán cedidos a terceiros nin pasarán a formar parte de ningunha base de datos de uso comercial.

7.- Os participantes teñen dereito a acceder aos seus datos para modificalos, corríxilos ou, se é o caso, cancelalos, a través dun escrito dirixido ao Concello de Santiago de Compostela, Praza do Obradoiro, 1, 15705 Santiago de Compostela (Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro).

8.- Esta promoción queda limitada exclusivamente ao colector amarelo para a recollida de envases lixeiros.

9.- Estas bases estarán depositadas no Concello de Santiago.

10.- A promoción será válida no territorio municipal de Santiago de Compostela desde o 1 de marzo ao 15 de marzo 2007.

11.- Quedan excluídos de participar todos os empregados e familiares directos de Ecoembes España S.A., do Concello e da empresa concesionaria da recollida de lixo.